

Bioloxía e Xeoloxía

Ciencia Cidadá

Guía Confort na aula (1/2)

Guía didáctica do proxecto Confort na aula na que o profesorado atopará as ferramentas necesarias para desenvolver co seu alumnado un proxecto de investigación sobre a importancia do confort higratérmico e o control dos niveis de CO₂ da súa aula, empregando tecnoloxía presente nos centros educativos e coa posibilidade de participar nunha análise colectiva do estado das nosas aulas seguindo os principios da Ciencia Cidadá.

- Esta guía foi deseñada coa colaboración de **Jose Viñas**, experto en Ciencia Cidadá, quen comparte baixo a súa experiencia as claves para aproveitar o valor pedagóxico que aporta a incorporación deste tipo de prácticas na aula.
- A **Ciencia Cidadá** achega investigacións científicas nas que calquera persoa pode participar de forma voluntaria xunto á comunidade científica profesional. É, polo tanto, un proceso no que cada persoa pode ter un rol activo nunha comunidade científica, colaborando directamente

con profesionais e aprendendo sobre o mundo que nos rodea.

- Está demostrado que gozar de confort nas aulas favorece o rendemento escolar, debido a que fomenta a motivación, e mellora a concentración e a capacidade para desenvolver todas as competencias, reducindo o estrés e incluso previndo problemas físicos como dores de cabeza.
- O proxecto “Confort na aula” céntrase en analizar e comparar valores facilmente medibles (a cantidade de CO₂, a temperatura e a humidade) entre aulas dun mesmo centro e/ou entre aulas de centros de diferentes lugares e incluso de distintas comunidades autónomas.
- **Características destacadas:**
 - Mellora o rendemento escolar e a concentración, reducindo o estrés.
 - Reutiliza material tecnolóxico presente nas aulas evitando que sexa desbotado (medidor de CO₂).
 - Favorece a saúde individual e colectiva.
- Permite o intercambio de coñecementos e datos científicos entre centros e entre comunidades autónomas.
- **Idioma do contido:** galego.
- **Obxectivos:**
 - Empregar a ciencia cidadá como unha ferramenta potente de ensinanza de ciencias, para cubrir a aprendizaxe dunha serie de contidos curriculares ou ben como actividade complementaria.
 - Dotar ao alumnado e ao profesorado de ferramentas e autonomía para identificar e solucionar problemas de confort na súa aula.
 - Implicar de forma activa ao alumnado en actividades de investigación científica real a través de accións sinxelas, outorgándolle un rol activo na investigación (intervención e liderado dalgunhas partes do proceso). A participación en todos os pasos do proceso da investigación ofrece unha aprendizaxe complexa e comprensiva da realidade investigadora e do método científico.

Bioloxía e Xeoloxía

Ciencia Cidadá

Guía Confort na aula (2/2)

- Desenvolver no alumnado as súas competencias científicas: aprendendo ciencia, facendo ciencia.
 - Educar e sensibilizar en valores científicos e ambientais a través da participación voluntaria en proxectos que interveñen directamente na súa realidade.
 - Mellorar o confort das aulas galegas adaptando elementos como a súa ventilación ás necesidades específicas de cada espazo concreto.
 - Mellorar o rendemento do alumnado galego incrementando o confort das súas aulas.
 - Participar na creación un mapa colaborativo do grao de confort das aulas en Galicia.
 - Concienciar ao alumnado e á poboación en xeral sobre a necesidade de manter un bo confort dentro das aulas e nos espazos pechados.
 - Impulsar o desenvolvemento de proxectos de Ciencia Cidadá nas idades temperás.
 - Vincular o contido das aulas coa realidade da súa contorna.
- **Número de sesións estimadas:**
Segundo elección docente, dependendo do tipo de proxecto e do grao de participación nel:
 - **Introdución:** 1 sesión.
 - **Recollida de datos:** mínimo unha semana.
 - **Conclusiones:** 1 ou 2 sesións.